



## ACTA DA REUNIÓN DO 10 DE DECEMBRO DE 2015 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE MATERIAL AUDIOVISUAL.

### PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira  
Vicepresidente 1º do Parlamento de Galicia

### VOGAIS:

Dª. Concepción Burgo López  
Vicesecretaria do Parlamento de Galicia

Dª. María Aneiros González  
Letrada do Parlamento de Galicia

Dª. Carolina Costoya Pardo  
Directora da Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia

### SECRETARIO:

D. Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento, ás 10,15 horas do 10 de decembro de 2015, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación das ofertas presentadas na contratación para a subministración e instalación de material audiovisual.

### Orde do día:

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

Non asiste ningún representante da empresa concorrente

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

O presidente anuncia non se procederá á lectura do anuncio de licitación publicado no Diario Oficial de Galicia nº 221, do 19 de novembro de 2015.

Acto seguido comunícase o acordo da Mesa de contratación sobre a admisión e inadmisión da proposición presentada pola empresa reflectida na certificación expedida polo Letrado oficial maior, que é a seguinte:

EMPRESA	registro núm.:
Spica, S.L.	44831

Do estudo da documentación presentada pola empresa no sobre "A" resulta que debe ser admitida; non hai, polo tanto, empresas excluídas.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").


O presidente invita aos presentes a que examinen o sobre "B", e comprobén que se atopa pechado e nas condicións nas que foi entregado. Informa que poden efectuar as manifestacións ou observacións que consideren oportunas antes de proceder á apertura do sobre pero que unha vez iniciada, non se admitirán interrupcións, e que a documentación nel contida remitírase ao servizo do Parlamento competente para a súa avaliación respecto dos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, cuxo contido darase a coñecer no acto público de apertura do sobre "C".

Procédese a continuación á apertura do sobre presentado. O presidente anuncia aos presentes poden examinar a documentación contida no sobre "B".

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 10,27 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.




Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente



Concepción Burgo/López  
Vogal



María Aneiros González  
Vogal



Carolina Costoya Pardo  
Vogal



Santiago González Serrano  
Secretario